



Concello de Xove

Don LUIS MARÍA FERNÁNDEZ DEL OLMO, Secretario do Concello de Xove,

CERTIFICO, que con data 24/03/2021 polo Sr. Alcalde ditouse o Decreto que a seguir se transcribe.

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde do Concello de Xove.

VISTO o Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima de socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o decreto antedito.

VISTO que o Concello de Xove é unha entidade homologada pola Xunta de Galicia para impartir formación en Socorrismo Acuático en Espazos Naturais.

VISTA a necesidade de renovación da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia cada catro anos que esixe a realización dun curso de reciclaxe.

Polo presente, en uso da representación e competencias que me son outorgadas art. 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Convocar o curso de Socorrismo Acuático en Espazos Naturais para os días 12 e 13 de xuño de 2021 en horario das 10:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 20:00 horas.

SEGUNDO.- Establecer os seguintes criterios de selección de alumnado:

1. A selección realizarase tendo en conta a data de caducidade da inscrición na correspondente sección do Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, terá preferencia a data anterior sobre a posterior, coa seguinte prioridade:





Concello de Xove

- a. Alumnado do Concello de Xove do curso 2015/424.- SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS con Certificado de Profesionalidade.
- b. Alumnado do Concello de Xove do curso 2016/13.- SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS con Certificado de Profesionalidade.
- c. Outras persoas con Certificado de Profesionalidade non incluídas nos apartados anteriores e interesadas no mesmo, segundo a orde de caducidade do carné de socorrismo.

2. En caso de empate terase en conta a orde de presentación das solicitudes.

3. Na selección reservarase o 50 % das prazas para solicitantes mulleres que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria, segundo o disposto no artigo 50 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sempre seguindo a orde de prioridade establecida con anterioridade

TERCEIRO.- Establecer os seguintes módulos de formación:

- Módulo MF0269_2: natación (4 horas).
- Módulo MF1082_2: prevención de accidentes en espazos acuáticos naturais (4 horas).
- Módulo MF1083_2: rescate de accidentados/as en espazos acuáticos naturais (4 horas).
- Módulo MF0272_2: primeiros auxilios (4 horas).

CUARTO.- Establecer como obrigatorio o seguinte material. O alumnado, para a realización da parte práctica na piscina ou nun espazo acuático natural deberá asistir ao curso co seguinte material. As persoas que incumpran esta norma poderán ser dadas de baixa na actividade.

- Gorro e lentes de natación.
- Bañador.





Concello de Xove

- Chanclas para o acceso á piscina.
- Útiles persoais de aseo.
- Xogo de aletas.
- Traxe de neopreno.
- Calquera outra establecida como obrigatoria para o cumprimento das medidas sanitarias en vigor no momento da celebración do curso

QUINTO.- Establecer como obrigatoria a asistencia á totalidade das horas de cada módulo para a súa avaliación.

SEXTO.- Fixar o prezo do curso en 45,00 euros. Cada persoa alumna, para ser admitida no curso, ademais de aportar a ficha de inscrición, deberá aportar o xustificante bancario que terá os seguintes datos:

Nº CONCELLO DE ONDE FACER O INGRESO	DO XOVE O	ES26 0238 8166 9606 6000 0173
CONCEPTO		CURSO RECICLAXE SOCORRISMO: NOME E APELIDOS DA PERSOA ALUMNA
CANTIDADE INGRESAR	A	45,00 €

SÉTIMO.- Establecer un número mínimo de alumnado en 10 persoas e un número máximo de 15. O número de persoas alumnas poderá sufrir cambios en función das medidas sanitarias vixentes no momento de impartir o curso e outras circunstancias que así o esixan.

OITAVO.- Establecer un prazo de inscrición desde o 26 de marzo ás 09:00 horas ata o 16 de abril ás 14:00 horas, no caso de quedaren prazas sen cubrir, poderá abrirse un novo prazo de inscrición.

Mándoo e asínoo dixitalmente á marxe

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

